




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: Santa María de Brión, Santa Rosa de Viterbo da Graña e Santo Antonio da Cabana no extremo SO; San Román de Doniños no O e NO; San Salvador de Serantes no N e NE; San Xulián de Ferrol no E, SE e S.
Extensión: 12,42km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

É unha unidade de esteiro, pertencente a unha das ramificacións do antigo aparello fluvial afundido que foi inundado e deu orixe á ría de Ferrol. O lóbulo segue unha clara liña de debilidade NE-SO, que explica a amplitude e forma do anfiteatro. Se ben hai un claro enfrontamento entre litoloxías de resistencia moi diferente, parece normal pensar tamén nun corredor de debilidade tectónica para explicar a forma final da liña de costa. Fronte costeira antigamente máis ramificada, hoxe regularizada por impacto antrópico, é de dominio sedimentario, con chaira intermareal, desembocadura fluvial e chaira costeira de bastante proxección que acaba en interfluvio suave e degradado.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Existe un reparto entre dous dominios: a parte occidental é hercínica, do Macizo de Ferrol, cunha granodiorita postectónica (tardía) de dúas micas con orientación de fluxo. A parte oriental modélase con materiais metamórficos da "Serie de Ordes".

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O esteiro inclúese dentro do dominio climático Cálido e Subhúmido: temperatura media anual maior de 14°C e amplitude térmica por debaixo de 12,5°C. No tocante ás precipitacións rexístranse máximos acumulados de 1200mm ao ano e valores mínimos en torno a 1000mm.

OS SOLOS

Gran variedade edáfica na que se denota a disimetría topográfica e litolóxica dos relevos graníticos e as chairas de xistos. Na parte inferior da unidade, na Enseada da Malata aparece un fluvisol tiónico (subtipo sapropel de Kúbierna). Cara ao interior da enseada, ao sur, sobre xistos, desenvólvense umbrisois dístricos, mentres o NO contén cambisol dístrico sobre granitos. Nas zonas máis elevadas da parte NO e O aparecen un pobre umbrisol dístrico-léptico. As chairas interiores cara ao NE achegan solos máis ricos, fluvisois hápticos, áreas de maior evolución edáfica sobre rocha de xistos e con acumulación de sedimentos cuaternarios. O alto de Valón, granítico, ao NO, achega cambisol dístrico-úmbrico.

AS AUGAS

A rede fluvial principal está xerarquizada en torno á cunca do Río da Sardiña e os seus arrosios tributarios que ocupan gran parte da unidade formando un amplo val que desauga na Enseada da Malata. Pola súa banda no sector suroccidental localízase o pequeno val do Río de San Antonio que leva as súas augas ata A Cabana. Todo o sistema fluvial verte á masa de Augas Costeiras da parte interna da Ría de Ferrol (20124).

O PATRIMONIO NATURAL

Como unidade de esteiro os hábitats que o definen son os bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais, 1110 e 1140. A costa está moi transformada, quedando só algúns tramos cantís atlánticos do 1230, na Cabana. Os hábitats de interior son os que achegan máis interese ecolóxico, aínda que é un medio tamén moi transformado. Os bosques de ribeira (91E0) dos ríos da Sardiña e Aneiros constitúen masas de frondosas bastantes extensas. Tamén aparecen masas de certa talla en Vilasánchez-Viladóniga. Nestas zonas fluviais moi chairas, aparecen tamén prados húmidos do 6420, Prados húmidos do Molinion-Holoschenion, e 6430, Megaforbios eutrofos higrófilos. Tras os montes Pedroso e Reizás (Chamorro) aparecen moliniais e áreas turfófilas (posible 7150), e alvéolos con matos húmidos na cima deste último. Existen Pequenas masas de recolonización e carballeiras (9230) como a de Menáncaro (Serantes).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Os usos do solo distribúense comezando pola parte alta da unidade da seguinte forma: no alto do Monte Pedrouzo sitúanse as instalacións militares de Mougá, no resto predomina unha cuberta vexetal na que se mesturan rodais de matogueira de substitución e arboredo de repoboación, até entrar en contacto co mosaico agrícola que ocupa case de forma continua un sector central da unidade estendéndose de leste a oeste. Nesa matriz localízanse os núcleos de poboación tradicional e todo un rosario de edificacións xurdidas de forma espontánea arredor das vías de comunicación. Finalmente os usos residenciais e instalacións de diversa natureza vinculadas ás funcións urbanas ocupan toda a fronte da enseada da Malata, destacando polo seu impacto visual o recente peirao carboeiro, que practicamente a pecha.

MORFOLOXÍA

O límite oriental desta unidade coincide cos límites da cidade compacta de Ferrol, fundamentalmente as instalacións da Malata e a extensión lineal ao longo da estrada de Catabois. No resto do ámbito, os asentamentos sitúanse maioritariamente nos vales constituídos pola rede fluvial, de forma lineal e apoiados nas vías de comunicación, mesturándose os núcleos tradicionais con construcións espontáneas de tipo residencial e que nalgúns casos dotan de funcionalidade a estes núcleos. A fachada costeira, sobre todo o sueste, está composta por instalacións e equipamentos vinculados ao desenvolvemento periférico da cidade de Ferrol, destacando as instalacións portuarias, o recinto feiral e as instalacións deportivas da Malata. En canto ás formas construtivas, a periferia da cidade presenta tipoloxías de vivenda colectiva, mentres que nos asentamentos tradicionais segue dominando a vivenda unifamiliar, aínda que a aparición de novas edificacións, desvinculadas de uso agrario, transforman a morfoloxía tradicional destes núcleos.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de estradas nesta unidade está liderada pola estrada de Catabois, convertida en travesía en boa parte do seu percorrido. O tramo final da AP-9 dá acceso ao porto comercial, seguindo a mesma alíñación que a estrada de Catabois polo límite este do ámbito. Outras estradas de menor entidade, como a CP-3610, CP-3612 ou a CP-3608 articulan as conexións dentro do ámbito, configurando xunto con outras vías de carácter local un armazón menos tupido que o doutras áreas periurbanas, e que en todo caso se limita á parte chá que ocupa a metade central e oriental da unidade. Polo extremo norte discorre a vía de acceso ao porto exterior de Cabo Prioriño. En canto a infraestruturas marítimas destaca a zona comercial do porto de Ferrol.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Destacan os conxuntos de mámoas ou túmulos. O primeiro grupo está situado nos Montes de Brión ao suroeste da unidade e outro repartido entre o Monte Pedroso e as proximidades da polvoreira de Mougá. A parte destes restos, podemos atopar tamén asentamentos castrexos, como pon de manifesto os castros de Santa Mariña e Canido próximos ao centro urbano de Ferrol e o castro de Vilasanche. O resto dos elementos catalogados componse de varios achados illados, un asentamento conformado polo Castelo dos Mouros e o petróglifo de Chamorro na parroquia de Serantes. En canto a elementos de arquitectura relixiosa é de destacar a ermida de Chamorro, a igrexa de S. Antón e o conxunto parroquial de S. Salvador. A presenza do Pazo de Serantes, casas e construcións tradicionais individualmente ou en conxunto amosan exemplos de arquitectura popular nos núcleos de A Graña (núcleo de identidade litoral), Malata, Cabana e Serantes. O muíño en Ponte Souto e o baluarte de Canido son outros elementos salientables dentro do patrimonio presente nesta unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter urbano da unidade vén dado pola súa localización dentro da periferia da cidade de Ferrol, sobre todo a zona este, constituíndo unha paisaxe no que predominan usos como o industrial e onde se localizan equipamentos que dotan de funcionalidade á mesma. O resto do territorio mantén un carácter máis tradicional, aínda que aos poucos desvirtuado debido á ocupación residencial das terras dedicadas outrora ás actividades agrogandeiras. En definitiva atopámonos ante un espazo no que convive un carácter tradicional cun uso residencial e un uso industrial vinculado á presenza dunha grande urbe.

DINÁMICA DA PAISAXE

O cambio máis destacable na unidade vén aparelado ao desenvolvemento urbano do núcleo de Ferrol, tanto de tipo residencial como coa instalación na súa costa de novos equipamentos (instalacións deportivas e feirais da Malata) e instalacións portuarias, provocando a necesidade de construír infraestruturas que lles desen acceso. Isto tamén provocou a desfiguración da liña costeira con continuos recheos para albergar estes usos, provocando que a enseada da Malata quede practicamente encerrada. Nas zonas máis afastadas do bordo da cidade produciuse unha transformación moi similar á detectada en todas as áreas periurbanas de Galicia, consistente na progresiva desaparición de usos agrarios, acompañada da aparición de vivendas unifamiliares desvinculadas dos devanditos usos.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A enseada da Malata presenta aínda un alto valor paisaxístico, a antropización que a caracteriza pode xogar ao seu favor se se consegue equilibrar co valor engadido que achegan certos elementos singulares como a praia da Cabana e a vexetación ripícola vinculada ao Río da Sardiña. As súas conexións lonxitudinais entre o fondo desta e a fronte litoral son nítidas, o que permite unha percepción do conxunto da paisaxe desde puntos de observación privilexiados, como o miradoiro da Ermida de Chamorro, ou Pena Abeleira.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



